



IVÁN MARCOS EN COPRODUCCIÓN
CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

ECO

Dirección, creación e interpretación:

iván marcos

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
temporada 2008-2009

CDG: XXV ANOS

parte de ti

"ECO: Mirad que estoy hoy aquí".

Calderón de la Barca, *Eco y Narciso*

ECO

Un proxecto de Iván Marcos
en coprodución co Centro Dramático Galego

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

Índice

Presentación.....	4
Ficha artística.....	6
Iván Marcos. Creador e intérprete.....	7
Funcións.....	8
Plan de coproducións do CDG. Temporada 2008-2009.....	9

Presentación

ECO é unha proposta escénica de teatro contemporáneo para un actor concibida, dirixida e interpretada por Iván Marcos, coa coprodución do Centro Dramático Galego.

Desde a exploración de diferentes formas de percepción sensorial e mediante unha linguaxe teatral de carácter interdisciplinar, *ECO* investiga o momento no que unha figura, un son, un ente, se libera dunha superficie e acada a súa propia independencia. O momento no que tomamos decisións sobre o que queremos ser como seres humanos, o momento en que un anaco de barro toma unha forma particular, o momento no que os nosos arredores xeolóxicos se dividen creando un novo espazo físico, diferenciado.

ECO parte da biopsia, dun estudo detallado para a comprensión de conexións máis amplas e complexas, onde os diferentes elementos (linguaxe, materia, son...) se exploran de forma aillada e descontextualizada, coa intención de establecer novas conexións, novas formas de percibir, de establecer relacións entre as cousas.

Entre estes obxectos de estudo atópase o *performer*, que será en si mesmo un obxecto de investigación; o seu corpo físico, a súa voz, as súas experiencias... son estudados e analizados, fragmentados e reorganizados, para logo ser reintegrados no contexto escénico no que se encontra coa intención de establecer unha nova percepción sobre si mesmo, sobre os límites que o fan identificable como tal, e sobre o micro/macro cosmos que o rodea.

En termos visuais, o evento cobra lugar entre a superficie e profundidade, onde as imaxes e os símbolos oscilan entre unha realidade bidimensional (vídeo) e outra tridimensional (escena), nunha reconfiguración constante de lugar, escala e perspectiva. Un espazo que envolve a unha persoa, o espazo escénico, a entrada ao teatro ou mesmo a rúa. Imaxes en tempo real, micro-cosmos escénicos, mestúranse con imaxes previamente gravadas xerando una experiencia escénica a cabalo entre diferentes dimensións e códigos teatrais.

O son, por outro lado, resulta sempre tridimensional. Voz, música e son, a miúdo manipulados e expandidos, creados como ecos intensos de lugares concretos, ancoran as imaxes do evento nun lugar e xeografía específicas.

Enriba do escenario, unha plataforma xiratoria ocupa o centro do espazo. Este artificio típico do teatro kabuki, emprégase como un escaparate desde o que observar, disecar e analizar o corpo e a voz do *performer* e das materias sobre ela presentadas, pero tamén como unha estrutura viva, dinámica, desde a que confrontar os suxeitos analizados coa realidade dun medio cambiante.

Esta plataforma é un elemento magnificante de todas aquelas cousas que se sitúan enriba dela: cámaras de vídeo capturan imaxes que son logo proxectadas e magnificadas, micrófonos amplifican o son, o sistema de rotación incrementa os posibles ángulos de percepción expandindo a capacidade de observación sobre o *performer* e os obxectos no escenario, posibilitando á súa vez a aparición dun estatismo móbil.

Desde este espazo, e baixo a supervisión do público, o *performer* comeza un proceso de construción e deconstrución da súa identidade. Un proceso vital e creativo, condicionado polo seu medio e pola plasticidade da súa estrutura.

Desde a imaxe, o son e o movemento, en combinación co uso das diferentes tecnoloxías dixitais, *ECO* tentará reformular preguntas sobre os procesos de formación de identidades diferenciadoras, sobre o momento no que a un ente se lle atribúen unhas características fundamentais que o diferencian do seu contorno. Asemade, será tamén un evento que trata de forma fenomenolóxica o proceso de formación da linguaxe, intentando xerar espazo para gañar consciencia sobre o instante no que a un obxecto ou a unha situación, se lle atribúe un son que o representa, unha imaxe que o simboliza, facéndoo comunicable e transmitible, pero tamén reducíndoo a un número finito de características.

Ficha artística

Autoría, dirección e interpretación	Iván Marcos
Coprodución	Centro Dramático Galego
Composición sonora e vogal <i>coach</i>	Christian Wolz
Deseño de luz e vídeo	Alberto Santos
Asistentes dramatúrxicos	Jesús Barranco e Celso Jiménez

Iván Marcos. Creador e intérprete

Iván Marcos estudou teatro con Manuel Lourenzo e Phillipe Gaulier (Londres), teatro físico e circo contemporáneo en Circomedia (Inglaterra) así como Coreografía e Arte dixital no Dartington College of Arts de Inglaterra. Formouse tamén noutras disciplinas relacionadas como o mimo e a *contact improvisation*, e na actualidade centra o seu adestramento no estudo de prácticas de carácter integrador como o Tai-Qi.



Desde o humor e a vulnerabilidade, o seu traballo integra diferentes estilos teatrais e formatos artísticos, elementos narrativos e simbólicos, para xerar situacións contemplativas que dan lugar á reflexión sobre a condición do mundo e das persoas.

Iván foi codirector da compañía Hoax productions, coa que gañou o Premio Jerwood e o Premio Fringe First no Festival de Edimburgo polo seu espectáculo *Raw Beef*. Tamén traballa como intérprete para outras compañías de teatro e danza como Music at the Brewhouse, Point Blank, Miren Theatre (Reino Unido) ou Matarile Teatro (Galicia), así como para diversos proxectos no eido audiovisual (Omar Martínez, Os Crebinsky, Setembro, Na Distancia...).

É igualmente un profesor experimentado en disciplinas teatrais e formas de meditación baseadas no movemento orientadas ao traballo de actores e bailaríns.

Funcións

SALÓN TEATRO. SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Venres, 17 de abril ás 21.00 horas

Estrea (entrada por convite até completar o aforo)

> Sábado, 18 de abril ás 20.30 horas

> Domingo, 19 de abril ás 18.00 horas

As entradas para asistir á representación de *Eco* póñense á venda no despacho de billetes do Salón Teatro dende dúas horas antes do comezo de cada actuación. Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es. O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xove e desempregados), e de 5 euros o domingo, día do espectador.

Igualmente, este espectáculo inclúese dentro do Bono de Primavera, válido para adquirir catro localidades para asistir a outras tantas funcións (unha coprodución do CDG, máis outros tres espectáculos a escoller) por un prezo total de 20 euros. O bono implica un aforro do 50% sobre o prezo xeral e pódese adquirir unicamente na billeteira do Salón Teatro.

Plan de coproducións do CDG. Temporada 2008-2009

Teatro contemporáneo - Estrea

Eco

IVÁN MARCOS EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Dirección, creación e interpretación: Iván Marcos

Lugar: Salón Teatro

Funcións: Venres, 17 de abril ás 21.00 horas (función de estrea)

Sábado, 18 de abril ás 20.30 horas

Domingo, 19 de abril ás 18.00 horas

Teatro infantil

Rúa Aire

O RETRETE DE DORIAN GRAY EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Dirección, creación e interpretación: Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno

Lugar: Sala Nasa

Funcións: Venres, 24 de abril ás 21.30 horas

Sábado, 25 de abril ás 21.30 horas

Domingo, 26 de abril ás 20.00 horas

Venres, 1 de maio ás 21.30 horas

Sábado, 2 de maio ás 21.30 horas

Domingo, 3 de maio ás 20.00 horas

Teatro - Estrea

Delimvois

TEATRO OFICINA (Centro Cultural Vila Flor, Guimarães) EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Autoría: Rubén Ruibal

Dirección: Marcos Barbosa

Elenco: Diana Sá, Emílio Gomes e Ivo Bastos

Lugar: Salón Teatro

Funcións: Sábado, 23 de maio ás 21.00 horas (función de estrea)

Domingo, 24 de maio ás 18.00 horas

Teatro

Wake up

NUT TEATRO EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Dirección: Carlos Neira

Elenco: Nerea Barros, Xiana Carracelas, Carlos Neira, Iria Sobrado e Arantza Villar

Lugar: Salón Teatro

Funcións: Xoves, 18 de xuño ás 20.30 horas

Venres, 19 de xuño ás 20.30 horas

Sábado, 20 de xuño ás 20.30 horas

Domingo, 21 de xuño ás 18.00 horas